



**INSTRUCCIÓN 7/2020 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación (Gain) en relación coas persoas investigadoras destinatarias das axudas predoutorais da Xunta de Galicia das convocatorias dos anos 2019 e 2020, que teñen que realizar as estadias de investigación no ano 2021.**

Convocatoria ano 2019\_ A Orde do 16 de xuño de 2020 pola que se estende seis meses a duración dos contratos predoutorais vixentes subscritos entre a entidade beneficiaria e as persoas investigadoras contratadas no marco das axudas de apoio á etapa predoutoral, establece no seu artigo 2.4 que as persoas contratadas con cargo á Orde do 31 de decembro de 2018, que teñen concedida unha axuda para a realización dunha estadia de tres meses de duración no estranxeiro entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020 e que non a puideron realizar ou completar pola crise sanitaria provocada pola pandemia do Covid 19, poderán solicitar a través das entidades contratantes unha modificación das datas de realización das estadias ata o 31 de outubro do 2021, sempre que non coincidan cos últimos seis meses de contrato.

Convocatoria ano 2020\_ A Orde do 20 de decembro de 2019, pola que se regulan as axudas do programa predoutoral para o ano 2020, establece que as persoas investigadoras que así o soliciten poden realizar unha estadia de tres meses de duración no estranxeiro. No artigo 6.6, establécese que, no caso de ter solicitado a axuda para estadia, antes do 15 de outubro de 2020 ou no prazo dun mes desde a data de comezo dos contratos no caso das persoas que acceden a través da lista de espera, a entidade beneficiaria deberá remitirle á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain, segundo corresponda, a seguinte documentación:

- a) Plan de traballo.
- b) Carta de aceptación do centro de destino.
- c) Autorización de ausencia da entidade beneficiaria.

Ante as consultas realizadas polas entidades beneficiarias e polas persoas investigadoras, nas que indican a dificultade para presentar as cartas de aceptación nestes momentos dada a situación creada pola COVID 19, indicámoslle que as persoas investigadoras predoutorais que teñan que realizar a estadia deben presentar no prazo establecido a seguinte documentación:

- Proposta de Plan de traballo asinado pola persoa contratada e co visto e prace da persoa directora

Un mes antes do inicio efectivo da estadia, deberán presentar a carta de aceptación do centro de destino asinada pola persoa directora do centro ou figura equivalente e a autorización de ausencia da entidade beneficiaria.

Os organismos beneficiarios das axudas deben dar publicidade a esta instrución ao persoal afectado e serán os encargados da tramitación das modificacións xeradas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou a Gain, segundo corresponda.

Segundo a evolución da situación, a Secretaría Xeral de Universidades e a Gain poderán ditar novas instrucións.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

